

COMPOSTELÁNEA

CULTURA OCIO TURISMO / CULTURE LEISURE TOURISM / N°7 FEB 2017

***Teatro, música, exposicións,
didácticos, cine e moito máis***

Teatro, música, exposiciones, didácticos...
Theatre, music, exhibitions, educational...

Época de Camelias

It's time for Camellias

ENTROIDO | CARNAVAL | CARNIVAL



COM
POS
TELA

MAIS

SOLI DARIA


GARANTÍA
BÁSICA
CIDADÁ

Renda municipal: prestación económica temporal prevista para cubrir as necesidades básicas das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social.

Prestacións de rescate social: prestacións económicas de carácter puntual, destinadas a atender situacións de urxencia de persoas que non poden facer fronte a necesidades básicas.



mais.social.santiagodecompostela.gal


CONCELLO DE
SANTIAGO

Poucas festas acaen mellor ao carácter retranqueiro de Galicia que o Entroido. Así, o remate do Nadal sorpréndenos mirando no almanaque o tempo que resta para argallar os disfraces. Ao final de febreiro, Compostela pode xa pintarse coas cores e os alardes creativos de quen pendura na percha a vergoña para participar vivamente da celebración máis divertida e irreverente do ano.

Puntual sairá o Meco de novo ás rúas, con charangas e comparsas, para recibir e despedir o Entroido. Xunto ao desfile central do martes, resoarán estes días os 'vivas' dos Xenerais da Ulla e o seu Entroido Rural Tradicional, declarado Festa de Interese Turístico en 2013. Nos seus típicos *atranques* a cabalo admiraremos a elocuencia dos xenerais, ademais dos seus vistosos traxes e tricornos. Nenos e nenas terán tamén o seu festival e unha morea de obradoiros e actividades nos centros socioculturais de cada barrio.

Mais en febreiro non só se visten de cor as xentes de Santiago. Nos xardíns e parques da cidade florecen as camelias ás que Lorca dedicaba versos e que tamén se poderán ver na Mostra da Rocha Forte; mentres que as Dúas Mariás saltan da Alameda florecida ao teatro no que cobran vida. As propostas vangardistas de Escenas do Cambio e unha ampla oferta musical e de exposicións completan a axenda do mes máis curto do ano, que non deixará oco ao aburrimiento.



Pocas fiestas van mejor con el carácter *retranqueiro* de Galicia que el Carnaval. Así, el final de la Navidad nos sorprende mirando en el calendario cuánto tiempo queda para preparar los disfraces. Al final de febrero, Compostela puede ya pintarse con los colores y alardes creativos de quien cuelga en la percha la vergüenza para participar vivamente de la celebración más divertida e irreverente del año.

Puntual saldrá el Meco de nuevo a las calles, con charangas y comparsas, para recibir y despedir el Carnaval. Junto al desfile central del martes, resonarán estos días los 'vivas' de los Generales del Ulla y su Carnaval Rural Tradicional, declarado Fiesta de Interés Turístico en 2013. En sus típicos *atranques* (altos) a caballo admiraremos la elocuencia de los generales, además de sus vistosos trajes y *tricornos*. Niños y niñas tendrán también su festival y un montón de talleres y actividades en los centros socioculturales de cada barrio.

Pero en febrero no sólo se visten de color las gentes de Santiago. En los jardines y parques de la ciudad florecen las camelias a las que Lorca dedicaba versos y que también se podrán ver en la Muestra de Rocha Forte; mientras las Dos Mariás saltan de la Alameda florecida al teatro en el que cobran vida. Las propuestas vanguardistas de Escenas do Cambio y una amplia oferta musical y de exposiciones completan la agenda del mes más corto del año, que no dejará lugar al aburrimiento.



Few celebrations go better with the *retranqueiro* (ironic) character of Galicia than the Carnival. Thus, the end of Christmas surprises us looking in the calendar how much time remains to prepare our costumes. At the end of February, Compostela will paint itself with the colours and creative boasts of those who leave the shyness behind to participate lively of the most fun and irreverent celebration of the year.

The Meco will be punctually on the streets again, with charanga bands and troupes, to welcome and see off the Carnival. With the central parade on Tuesday, we will hear the 'vivas' (cheers) of the Generals of the Ulla and their Traditional Rural Carnival, declared Event of Tourist Interest in 2013. In their typical *atranques* (stops) on horseback we will appreciate the eloquence of the generals, and their colorful costumes and tricorns. Children will also have their festival and many workshops and activities at the socio-cultural centers of each neighborhood.

But in February not only the people of Santiago dress in colour. The Camellias, which Lorca wrote verses about, bloom in the gardens and parks of the city and may also be admired at the Exhibition of Rocha Forte; while the Two Mariás jump from the flowered Alameda to the theater where they come alive. The avant-garde proposals of Escenas do Cambio and a wide offer of music and exhibitions complete the agenda of the shortest month of the year, which will not leave a minute for boredom.

3 Editorial

4 Reportaxe | Reportaje | Report

Compostela 1917, Entroido

Compostela 1917, Carnaval | Compostela 1917, Carnival

7 Non perdas... | No te pierdas... | Don't miss...

Arte / Art

Ocio / Leisure

Teatro e danza / Theatre and Dance

Música / Music

Programa Didáctico / Educational Programme

11 Cinema

12 Opinión | Opinion

O Meco: de personaxe lendario

a monifate do Entroido. Clodio González

El Meco | The Meco

14 Axenda / Agenda / Agenda

18 Exposicións | Exposiciones | Exhibitions

21 Museos & Monumentos | Museums & Monuments

24 Turisteando | Sightseeing

26 Directorio | Directory

EDICIÓN | EDITION

Concello de Santiago de Compostela

COORDINACIÓN | COORDINATION

Concellaría de Acción Cultural e Turismo de Santiago

FOTO DE PORTADA | COVER IMAGE

Xenerais da Ulla. ©Turismo de Galicia

DESEÑO / MAQUETACIÓN / TRADUCCIÓN

DESIGN / LAYOUT / TRANSLATION

ekinocio.com

ROTATIVA | ROTARY PRESS

Galicia Editorial SL

DEPÓSITO LEGAL | LEGAL DEPOSIT

C 1198 - 2016

ACCIÓN CULTURAL

Auditorio de Galicia: Avda. Burgo das Nacións, s/n | 981 552 290 | info@auditoriodegalicia.org

Centro Sociocultural da Trisca: Corredoira das Fraguas, 92 | 981 543 192

Centro Sociocultural das Fontiñas: Rúa Berlín, 13 | 981 528 750

Centro Sociocultural de Conxo: Praza Aurelio Aguirre, 1 | 981 528 740

Centro Sociocultural de Santa Marta: Rúa Antonio Rama Seoane, 6 | 981 543 017

Centro Sociocultural de Vite: Rúa de Carlos Maside, 7 | 981 542 490

Centro Sociocultural do Castiñeirinho: Rúa Virxe de Fátima, 1 | 981 542 459

Centro Sociocultural O Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 | 981 543 001

Teatro Principal: Rúa Nova, 21 | 981 542 347 (oficina)
981 542 349 (despacho de billetes) | principal@santiagodecompostela.gal

Zona "C": San Domingos de Bonaval, 1 | 981 552 290

TURISMO

Oficina Central de Información Turística Municipal. Turismo de Santiago

Rúa do Vilar, 63 | (+34) 881 866 397 | santiagoturismo.com | info@santiagoturismo.com
Aberta todo o ano. (Maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-21 h / (Novembro-abril): Lu.-Vi. 9 h-19 h / Sa, Do, festivos, 9 h-14 h / 16 h-19 h | Open all year. High season (May-October): Every day, 9 am-9 pm. (November-April): Mon-Fri 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-14 pm / 16 am-19 pm

Punto de Información Turística Aeroporto de Santiago (Sala A Llegadas)

(+34) 981 897 194 | aeroporto@santiagoturismo.com
(Semana Santa a outubro): Lu.-Do. 9.15 h-17.45 h | (Easter-October): Mon.-Sun. 9.15 am-5.45 pm.

Oficina de Información Turística de Galicia / Xacobeo

Rúa do Vilar, 30-32 | (+34) 881 866 397 - 902 332 010 | turismo.gal | caminodesantiago.gal
Tempada alta (16 abril-15 outubro): Luns-Venres 9 h-20 h. | Sábados e festivos 10 h-20 h. | Do. 10 h-15 h
High season (16 April-15 October): Mon.-Fri. 9 am-8 pm. | Sat. and holidays: 10 am-8 pm. | Sun. 10 am-3 pm.

Punto de Información Turística Dársena de Autobuses Xoán XXIII

(+34) 981 576 698 | Aberta todo o ano: (maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-20 h | (novembro-abril): Lu.-Vi. 9 h-19 h / Sábado, Domingo e fest., 9 h-14 h e 16 h-19 h | Open all year. (May-Oct.): Monday-Sunday 9 am-8 pm. / (November-April): Monday-Friday 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-14 pm / 16 am-19 pm

Centro de Acolida ao Peregrino/a | Centro de Acogida al Peregrino/a | Pilgrim's Welcome Office

Rúa de Carretas, 33 | (34) 981 568 846 | oficinadelperegrino.com/
Tempada alta (Semana Sta.-out.): Todos os días, 8 h-21 h | High season (Easter-Oct.): Every day, 8 am-9 pm.



COMPOSTELA 1917

ENTROIDO



Un tempo divertido e elegante

Hai un século, o Entroido ocupaba a vida da cidade durante case un mes, comezando cando chegaban aos comercios os tecidos para os disfraces e os “papelinhos de cores” cos que se facían as máscaras; ao tempo que empezaban a prepararse as comparsas e o programa de bailes.

No rural santiagués perduraron ata hoxe costumes como a *destrución do Entroido* en Aríns, o *carro engalanado* en Santa Marta ou os *atranques dos Xenerais* nas parroquias do Ulla. Na cidade, a rúa era o principal escenario. Polas vías principais, Preguntoiro ou o Vilar, paseaban as comparsas, con nomes tan suxestivos como *Los Caballeros de Malta*, *Los cirujanos del porvenir*, *Los alpinistas* ou *La Lira*. Cantaban coplas a cambio das moedas que lles tiraban desde balcóns e xanelas, cun acompañamento musical similar ás actuais rondallas ou máis tradicional (pandeireta, bombo e tamboril). Por outra banda estaban os bailes, que tiñan lugar nas sociedades recreativas, e os asaltos, organizados pola mocidade; nuns e noutros era obrigado o uso de disfraz, preferentemente orixinal e de bo gusto.

Tamén había lugar para dous entretementos clásicos: o *xogo do figo*, no que un home cunha manchea de figos colgados dun pau enredaba coa rapazada, e o *paseo de Carabellón e Perilla* no que oso e domador facían as delicias do público. O Entroido era, un lugar de encontro no que as barreiras sociais volvíanse borrosas durante uns días.

As dificultades para xestionar estes encontros e afluencias de xentes levaron ao Concello a programar o desfile das comparsas na Alameda, e as carrozas engalanadas, que ata entón eran escasas, pasaron a completar o espectáculo no que a Banda Municipal ofrecía un concerto. Foi tal o éxito acadado, que comezou a falarse de outorgar premios aos mellores participantes.

Música, diversión e socialización, esas foron as pautas do Entroido histórico, o que viviron hai cen anos as xentes desta cidade, as mesmas que partillamos hoxe; un tempo -como di un autor da época- *divertido e elegante*.

Un tiempo divertido y elegante

Hace un siglo, el Carnaval ocupaba la vida de la ciudad durante casi un mes, empezando con la llegada a los comercios de los tejidos para los disfraces y los “papelitos de colores” con los que se hacían las máscaras; al tiempo que empezaban a prepararse las comparsas y el programa de bailes.

En el rural santiagués perduraron hasta hoy costumbres como la *destrucción del Carnaval* en Aríns, el *carro adornado* en Santa Marta o los *atranques de los Generales* en las parroquias del Ulla. En la ciudad, la calle era el principal escenario. Por las vías principales, Preguntoiro o el Vilar, paseaban las comparsas, con nombres tan sugerentes como *Los Caballeros de Malta*, *Los cirujanos del porvenir*, *Los alpinistas* o *La Lira*. Cantaban coplas a cambio de las monedas que les tiraban desde balcones y ventanas, con un acompañamiento musical similar a las actuales rondallas o más tradicional (pandereta, bombo y tamboril). Por otra parte estaban los bailes, que tenían lugar en las sociedades recreativas, y los asaltos, organizados por los jóvenes; en unos y en otros era obligado el uso de disfraz, preferentemente original y de buen gusto.

También había lugar para dos entretenimientos clásicos: el *juego del higo*, en el que un hombre con un puñado de higos colgados de un palo enredaba con los niños y niñas; y el *paseo de Carabellón y Perilla* en el que oso y domador hacían las delicias del público. El Carnaval era, un lugar de encuentro en el que las barreras sociales se volvían borrosas durante unos días.

Las dificultades para gestionar estos encuentros y afluencias de gentes llevaron al Ayuntamiento a programar el desfile de las comparsas en la Alameda, y las carrozas decoradas, que hasta entonces eran escasas, pasaron a completar el espectáculo en el que la Banda Municipal ofrecía un concierto. Fue tal el éxito conseguido, que comenzó a hablarse de otorgar premios a los mejores participantes.

Música, diversión y socialización, esas fueron las pautas del Carnaval histórico, lo que vivieron hace cien años las gentes de esta ciudad, las mismas que compartimos hoy; un tiempo -como dice un autor de la época- *divertido y elegante*.

Days for fun and elegance

A century ago, Carnival took over the life of the city for almost a month, beginning with the arrival to the shops of the fabrics for the costumes and the coloured papers to make the masks; meanwhile the troupes and the ball programme got prepared.

In the rural area, customs of those days like the *destruction of the Carnival* in Aríns, the *decorated carriage* in Santa Marta or the *atranques (stops) of the Generals* in the parishes of the Ulla still remain nowadays. In the city, the streets where the main stage of Carnival. Troupes with suggestive names such as *The Knights of Malta*, *Surgeons of the future*, *The climbers* or *The Lyre* would walk along Preguntoiro or the Vilar singing songs in exchange of the coins people threw from balconies and windows, accompanied with the sounds of bands of traditional music. On the other hand there were balls, that took place in the recreational societies, and the assault troupes, organized by the young people; In both you had to disguise, preferably using an original and of good taste costume.

There was also time for two classics entertainments: the *game of the fig*, in which a man with a pile of figs hung on a stick played with the children; and the *walk of Carabellón and Perilla* in which bear and tamer delighted the audience. The Carnival was, a meeting place in which social barriers became blurred for a few days.

The difficulties to manage these encounters and influx of people led the Council to schedule the parade of the troupes in the Alameda park, and the decorated floats, which until then were scarce, began to complete the show along with the concert of the Municipal Band. The success was so, that they began to talk about awarding prizes to the best participants.

Music, fun and socialization, these were the guidelines of the historic Carnival, which the people of this city lived a hundred years ago, the same ones we share today; *Days for fun and elegance* -as one author of the those days says described-.



Programación 2017

En Compostela todo está preparado para o Entroido deste ano. Xa tedes o disfrace? A inspiración pódese atopar en calquera lugar, desde a fantasía dos contos infantís aos persoeiros da cultura ou sociedade galega, pasando por estrelas da música ou do cinema internacionais ou incluso viaxando no tempo a épocas anteriores ou por chegar... Neste “todo vale” que é o Entroido galego, o importante é levar un sorriso, por dentro ou fóra da máscara, e moitas ganas de pasalo ben para encaixar de bo grado as entroidadas que poidan gastarnos.

Sábado 25

Saturday 25th

DESFILE DO MECO | DESFILE DEL MECO | MECO PARADE

Comparsas Os Conformistas de Conxo e A Ruliña de Laraño

20.00 H | DA PRAZA DE CERVANTES Á PRAZA DO TOURAL, PASANDO POLA RÚA NOVA E DO VILAR

SUBIDA DO MECO | SUBIDA DEL MECO | RISING OF THE MECO

Subida aos balcóns do Pazo de Bendaña, onde ficará ata o 1 de marzo. Pregón e espectáculo.

20.30 H | PRAZA DO TOURAL

Domingo 26

Sunday 26th

ANIMACIÓN DE RÚA | ANIMACION DE CALLE | STREET ANIMATION

Comparsa Os Conformistas de Conxo e a charanga Os Atevidos

10.30 H | PERCORRIDO: CENTRO DE MAIORES DE CONXO, SANATORIO DE CONXO, RÚAS DE SANCHEZ FREIRE-GARCIA PRIETO-CORNES-PRAZA ROXA, REPÚBLICA DO SALVADOR-XENERAL PARDIÑAS-ALAMEDA-PRAZA DO TOURAL- RÚA NOVA-RÚA DO VILAR-PRATERÍAS-RAÍÑA E FRANCO

FESTIVAL INFANTIL DE DISFRACES | CHILDREN'S FESTIVAL

Animación, baile discoteca, premios, concurso de disfraces, sorteo de agasallos, entrega de bolsas-cotillón... PREMIOS ao mellor grupo, parella e disfraz individual (Participantes ata 14 anos. Inscricións de 16.30 a 17.45 h.)

17.00 H | SALA CAPITOL | ENTRADA LIBRE

Luns 27 | Lunes 27

Monday 27th

OBRAIDOIRO DE ENTROIDO | TALLER | WORKSHOP

As prazas completaranse por orde de chegada.

12.00 H - 14.00 H | 18.00 H - 20.00 H PRAZA DO TOURAL + PAZO DE BENDAÑA | GRATUITO

Martes 28

Tuesday 28th

ANIMACIÓN DE RÚA | ANIMACION DE CALLE | STREET ANIMATION

12.00 H | RÚAS DA CIDADE

DESFILE DE ENTROIDO | DESFILE DE CARNAVAL | PARADE

16.30 H ESTACIÓN DO FERROCARRIL, CONCENTRACIÓN DE CARROZAS, COMPARSAS E CHARANGAS

17.30 H PERCORRIDO: ROMERO DONALLO, SANTIAGO DE CHILE, FREI ROSENDO SALVADO, PRAZA ROXA, REPÚBLICA DO SALVADOR, HÓRREO, SENRA, PARA REMATAR NA AVDA DE XOÁN CARLOS I

21.00 H DECISIÓN DO XURADO E ENTREGA DE PREMIOS, SEGUIDA DUNHA ACTUACIÓN NA SALA CAPITOL

PREMIOS PRIZES	
CARROZAS 1º PREMIO 3.000 € 2º PREMIO 2.000 € 3º PREMIO 1.000 €	MELLOR PARELLA 1º PREMIO 400 €
COMPARSAS 1º PREMIO 2.400 € 2º PREMIO 2.000 € 3º PREMIO 1.000 €	MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL 1º PREMIO 300 € 2º PREMIO 200 € 3º PREMIO 100 €
GRUPOS 1º PREMIO 800 € 2º PREMIO 400 € 3º PREMIO 200 €	PREMIOS ESPECIAIS MELLOR COMPARSA DAS PARROQUIAS E BARRIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO (Premios incompatibles cos anteriores) 1º PREMIO 1.200 € 2º PREMIO 600 € 3º PREMIO 400 €

Mércores 1 | Miércoles 1

Wednesday 1st

ACOMPAÑAMENTO DO MECO | ACOMPAÑAMIENTO DEL MECO | GRIEFING OF THE MECO

Comparsa A Ruliña de Laraño (Vestídevos de negro en sinal de loito polo Meco)

20.00 H | PERCORRIDO: RÚA NOVA, RÚA DO VILAR, RÚA DA SENRA, DOUTOR TEIXEIRO, REPÚBLICA DO SALVADOR, PARA REMATAR NA PRAZA ROXA

QUEIMA DO MECO | QUEMA DEL MECO | BURNING OF THE MECO

Coa música Banda Municipal de Santiago de Compostela

21.00 H | PRAZA ROXA

Ademais, en cada barrio poderedes participar nas distintas actividades que durante todo o mes se organizan nos **centros socioculturais**: obradoiros de carautas, disfraces e mecos, receitas de repostería tradicional de Entroido, merendas, desfiles e comparsas... Consultade esta programación na páx. 13 e tamén na web **santiagosociocultural.org**.

Gastronomía típica

A Coresma tamén ven precedida de mesas ateigadas das especialidades de tempada coma o **cocido** e a **lamprea**. Das cociñas dos lares e restaurantes agroman fontes coas distintas partes do porco (cachuchas, lacóns, chourizos,...), do que ben é certo que se aproveita todo, acompañadas de grelos, garavanzos e patacas. As sobremesas éñense de **filloas, orellas, rosquillas e flores**, que se un non ten tempo de facer pode adquirilas nas panaderías e docerías da cidade, ou degustalas nos establecementos hostaleiros como parte do menú de Entroido que ofertan neste tempo.

Programación 2017

Compostela ya está preparada para el Carnaval de este año. ¿Tenéis disfraz? La inspiración puede estar en cualquier lugar, desde la fantasía de los cuentos infantiles a las personalidades de la cultura o sociedad gallega, pasando por estrellas de la música o del cine internacional o incluso viajando en el tiempo a épocas anteriores o por llegar... En este “todo vale” que es el Carnaval gallego lo importante es llevar una sonrisa, por dentro o fuera de la máscara, y muchas ganas de pasarlo bien y encajar de buen grado las bromas que puedan gastarnos.

Además de todo lo que hay en la programación, en cada barrio podréis participar en las distintas actividades que durante todo el mes se organizan en los **centros socioculturales**: talleres de máscaras, disfraces y mecos, recetas de repostería tradicional de Carnaval, meriendas, desfiles y comparsas... Consulta esta programación en la pág. 13 y también en la web **santiagosociocultural.org**.

Gastronomía típica

La Cuaresma viene precedida de mesas llenas de las especialidades de temporada como el **cocido** y la **lamprea**. De las cocinas de casas y restaurantes brotan fuentes con las distintas partes del cerdo (cabeza, lacones, chorizos,...), del que bien es cierto que se aprovecha todo, acompañadas de grelos, garbanzos y patatas. Las sobremesas se llenan de **filloas, orejas, rosquillas y flores**, que si uno no tiene tiempo de hacer puede adquirir en las panaderías y dulcerías de la ciudad, o degustalas en los establecimientos hosteleros como parte del menú de Carnaval que ofrecen en esta época.

.....


2017 Programme

Compostela is prepared for this year's Carnival. Have you got your costume? Inspiration can be found anywhere, from the fantasy of children's stories to the personalities of Galician culture or society, even international music and cinema stars or traveling in time to earlier or yet to come days... In this “all is fair” that the Galician Carnival is, the main thing is to wear a smile, inside or outside the mask, and have fun accepting the jokes they may play on us.

In addition to the programme, in each neighborhood you can participate in the activities that are organized throughout the month in the **socio-cultural centers**: masks, costume and meco workshops, traditional Carnival recipes, parades and troupes... Check this programme on p. 13 and also at the website: **santiagosociocultural.org**.

Typical Gastronomy

Lent is preceded by tables full of seasonal specialties such as *cocido* and lamprey. From the kitchens of houses and restaurants emerge dishes with the different parts of the pig (head, shoulder, *chorizos*, ...), of which it is so true that everything is used, accompanied by greens, chickpeas and potatoes. The desserts are pancakes, ears, rings and flowers. If you do not have time to make them you can buy them at the bakeries and confectioneries of the city, or taste them at restaurants as part of the Carnival menu they offer these days.



Os Xenerais da Ulla

+ info: xeneraisdaulla.com

Máis de 140 anos de atranques

Esta orixinal celebración que coincide coas datas de Entroido, foi declarada en 2013 *Festa de Interese Turístico de Galicia*. Aparece documentada por primeira vez nun artigo de 1875 de Alfredo Vicenti titulado *La Máscara*. Malia ter unha orixe incerta, semella responder a unha sátira dos conflitos bélicos desenvolvidos no país a finais do século XIX.

A influencia da invasión francesa, a revolución do 1846, ou as guerras carlistas déixase entrever nos atavíos e roles deste vistoso espectáculo que se estende ao longo da comarca natural do Ulla por algunhas parroquias dos concellos de Boqueixón, A Estrada, Santiago, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.

As personaxes ou máscaras que compoñen as comparsas e parrandas percorren a cabalo e a pé os distintos lugares, dando ‘vivas’ entre coplas e música, para rematar cos tradicionais atranques ou altos. Estes enfrontamentos dialécticos, nos que se fai crónica social en ton retranqueiro dos asuntos políticos ou do corazón acontecidos ese ano, pasan por momentos álxidos de ocorrencias para finalizar coa firma da paz.

Más de 140 años de *atranques*

Esta original celebración que coincide con las fechas de Carnaval, fue declarada en 2013 Fiesta de Interés Turístico de Galicia. Aparece documentada por primeira vez en un artículo de 1875 escrito por Alfredo Vicenti titulado *La Máscara*. A pesar de tener un origen incierto, parece responder a una sátira de los conflictos bélicos desarrollados en el país a finales del siglo XIX.

La influencia de la invasión francesa, la revolución del 1846, o las guerras carlistas se deja entrever en las vestiduras y roles de este llamativo espectáculo que se extiende a lo largo de la comarca natural del Ulla por algunas parroquias de los ayuntamientos de Boqueixón, A Estrada, Santiago, Silleda, Teo, Touro, Vedra y Vila de Cruces.

Los personajes o máscaras que componen las comparsas y parrandas recorren a caballo y a pie, los distintos lugares dando ‘vivas’ entre coplas y música para acabar con los tradicionales *atranques* ou altos. Estos enfrentamientos dialécticos, en los que se hace crónica social en tono sarcástico de los asuntos políticos o del corazón ocurridos ese año, pasan por momentos álgidos para finalizar con la firma de la paz.

Over 140 years of *atranques*

This original celebration that coincides with the dates of Carnival, was declared *Event of Turist Interest* in 2013. It appears documented for the first time in an article of 1875 written by Alfredo Vicenti titled *La Máscara (The Mask)*. In spite of having an uncertain origin, it seems to respond to a satire of the warlike conflicts developed in the country in the late nineteenth century.

The influence of the French invasion, the revolution of 1846, or the Carlist wars can be glimpsed in the vestments and roles of this striking spectacle that extends along the natural region of the Ulla, through some parishes of Boqueixón, A Estrada, Santiago, Silleda, Teo, Touro, Vedra and Vila de Cruces.

The characters or masks that form the troupes go on horseback and on foot, through the different places shouting ‘vivas’ (cheers) between verses and music to finish traditional cos *atranques* or stops. These dialectical enforcings, that narrate the social chronicle of politics or gossip affairs that took place that year, reach intense moments to conclude with the signing of peace.

Programación suxeita a posibles modificacións.

Programación sujeta a posibles modificaciones.

The dates and programme may be subject to changes.

compostelacapitalcultural.gal / santiagoturismo.com



FOTOS | PHOTOS: ©Turismo de Galicia

Xenerais | Generales | Generals

A súa vestimenta evoca os uniformes militares decimonónicos. Na cabeza levan o “tricornio” (bicornio) con plumas, frecuentemente de pavo real. Montan cabalos ricamente aparelados, co seu espello na cabeza, o peito petral...

Su vestimenta evoca los uniformes militares decimonónicos. En la cabeza llevan el “tricornio” (bicornio) con plumas, frecuentemente de pavo real. Montan caballos ricamente adornados, con su espejo en la cabeza, el pecho petral...

Their garments evoke nineteenth century military uniforms. They wear the “tricornio” (tricorn hat) on their heads with feathers at the top, usually peacock ones, riding richly decorated horses, with a mirror on its head, breast-straps...

Correos | Correos | Couriers

A súa roupa é similar á dos xenerais, pero cobren a cabeza coa “gorreta”, gorro circular rematado nun entretecido de arame enfeitado con contas de cores. Os seus cabalos levan campaiñas.

Su ropa es similar a la de los generales, pero cubren sus cabezas con la “gorreta”, gorro circular rematado en un entretejido de alambre adornado con cuentas de colores. Sus caballos llevan campanitas.

Their clothes are similar to the generals, but they cover their heads with the “gorreta” a round hat finished with a metal net with colour beads. Their horses usually have little bells.

Abandeirado | Abanderado | Flag bearer

Viste uniforme militar, de mariñeiro frecuentemente, e leva bandeira.

Viste uniforme militar, el de marinero frecuentemente, y porta una bandera.

He dresses a military uniform, usually from the navy, and carries a flag.

Rei e raíña | Rey y reina | King and Queen

Levan capas e coroas. Poden ir a cabalo ou en carro.

Llevar capas y coronas. Pueden ir a caballo o en carro.

They wear capes and crowns and they can go by horse or in a carriage.

Coro principal, de bonito ou de mozos

Coro principal, de bonito o de jóvenes

Main, beautiful or young choir

Rapaces e rapazas vestidos normalmente co traxe galego ou de montañés. Á fronte deles van un “director” e unha “directora”, moi ben engalanados. Interpretan cancións compostas para a ocasión.

Jóvenes vestidos normalmente con el traje gallego o el de montañés. A su frente van un “director” y una “directora”, muy bien vestidos. Interpretan canciones compuestas para la ocasión.

Young people, dressed in the Galician traditional costume. Leading them, two directors elegantly dressed. They sing themes composed for this occasion.

Coro de vellos | Coro de viejos | Old choir

Composto por xente de máis idade que viste traxes coloristas e cantan cancións picantes ou burlescas.

Compuesto por personas de más edad que visten trajes coloristas y cantan canciones picantes o burlescas.

Formed by seniors that sing mocking songs dressed in colorful costumes.

Outras máscaras | Otros | Others

Tamén se ven comparsas de inventos, disfraces máis actuais, o cura, o vello dos cornos...

También se ven comparsas de inventos, disfraces más actuales, el cura, el viejo de los cuernos...

You may also see the invention troupes, modern costumes, the priest, the old horned man...

Onde ver os atranques e as Comparsas

DÓNDE VER LOS ATRANQUES Y COMPARSAS
WHERE TO FIND THE ATRANQUES AND PARADES

11 FEB

18.30 h: Vilanova (Vedra)

19.00 h: Bamonde (Teo)

12 FEB

19.00 h: Lucí (Teo)

18 FEB

18.00 h: Lamela (Silleda)

19.00 h: Marrozos (Santiago de Compostela)

19.30 h: Reis (Teo)

19 FEB

16.30 h: Bama (Touro)

16.30 h: Merza (Vila de Cruces)

19.00 h: Angrois (Santiago de Compostela)

19.30 h: Reis (Teo)

25 FEB

17.30 h: A Bandeira (Silleda)

18.30 h: Aríns (Santiago de Compostela)

17.00 h: Vedra (Vedra)

19.00 h: Cora (A Estrada)

19.30 h: Santa María de Teo (Teo)

Ata 20.00 h: Cacheiras (Teo) *

26 FEB

12.30 h. Espectáculo de Titeres “As Xenerais da Ulla”.

Praza do Toural (Santiago de Compostela)

19.00 h: O Eixo (Santiago de Compostela)

19.00 h: Sergude (Boqueixón)

20.00 h: Cacheiras (Teo)

28 FEB

16.00 h: Fao (Touro)

19.30 h: Carnaval Municipal de A Estrada

4 MAR

19.00 h: San Xán de Sales (Vedra)

5 MAR

12.00 h: Fonte Díaz (Touro). Feira do Entroido

16.00 h: Salgueiros (Vila de Cruces)

17.00 h: Lestedo (Boqueixón) XXXIV Festa da Filloa

19.00 h: Trobe (Vedra)

19.00 h: Vilarinho (Teo)

*Sen atranque: só percorrido polas aldeas

Sin atranques, sólo recorrido por las aldeas

Without *atranques*, just parades



ONCE UPON A TIME

Marta Bran

3 FEB | Inauguración | Opening
20.00 h | Zona "C" | Gratuito

'once upon a time' é a última das intervencións seleccionadas na primeira convocatoria de apoio á creación en artes visuais da Zona "C". Trátase dun proxecto concibido especificamente para este espazo pola artista Marta Bran. Pequenos anacos de pintura emerxerán sobre a parede da sala de exposicións conformando unha paisaxe fragmentada dunha fraga chea de detalles. Ao mesmo tempo 'once upon a time' deu continuidade á exposición individual 'Picnic' inaugurada na Galería Trinta de Santiago de Compostela no ano 2014. E, sendo máis precisos, á serie *Conversas cunha torrada*.

[Máis na páx. 19]

'once upon a time' es la última de las intervenciones seleccionadas en la primera convocatoria de apoyo a la creación en artes visuales de la Zona "C". Se trata de un proyecto concibido específicamente para este espacio por la artista Marta Bran. Pequeños trozos de pintura emergerán sobre la pared de la sala conformando un paisaje fragmentado de un bosque lleno de detalles. Al mismo tiempo 'once upon a time' da continuidad a la exposición individual 'Picnic' inaugurada en la Galería Trinta de Santiago de Compostela en el año 2014. Y, siendo más precisos, a la serie *Conversas cunha torrada*.

[Más en la pág. 19]

'Once upon a time' is the last of the selected interventions from the first call of Zona "C" to support the visual arts creation. It is a project conceived specifically for this space by the artist Marta Bran. Small pieces of paint will emerge on the wall of the room forming a fragmented landscape of a forest full of details. Also 'once upon a time' gives continuity to the individual exhibition 'Picnic' inaugurated in the Galería Trinta of Santiago de Compostela in the year 2014. And, being more precise, to the series *Conversas cunha torrada* (*Conversations with a piece of toast*). [More about this on p. 19]

Visitable ata o 2 de abril | Open to public until April 2nd: MARTES-SÁBADO / TUESDAY-SATURDAY: 16.00-20.00 h / DOMINGO / SUNDAY: 14.00-19.00 h | Entrada libre/free

VIII EXPOSICIÓN DA CAMELIA

4 - 5 FEB
Centro Sociocultural da Rocha Vella

Un ano máis, a Asociación Cultural Rocha Forte organiza a súa xa tradicional exposición de Camelias. Nela, arredor de 30 expositores mostrarán distintas variedades desta flor que enche de cor os xardíns e parques galegos en pleno inverno. Expertos e profanos na materia poderán gozar por igual da beleza de Japónicas, Sinensis, Sasanquas... ademais doutras actividades literarias e musicais relacionadas co universo da Camelia.

Un año más, la Asociación Cultural Rocha Forte organiza su ya tradicional exposición de Camelias. En ella, alrededor de 30 expositores mostrarán distintas variedades de esta flor que llena de color los jardines y parques gallegos en pleno invierno. Expertos y profanos en la materia podrán disfrutar por igual de la belleza de Japónicas, Sinensis, Sasanquas... además de otras actividades literarias y musicales relacionadas con el universo de la Camelia.

One more year, the Cultural Association of Rocha Forte organizes its already traditional Camellia exhibition. Almost 30 exhibitors display the different varieties of this flower that fills Galician gardens and parks with colour in the middle of winter. Experts and profanes in the matter will enjoy the beauty of Japonicas, Sinensis, Sasanquas ... as well as other literary and musical activities related to the universe of the Camellia.



SÁBADO | SATURDAY

12.00 h: Inauguración presidida por D. Martiño Noriega e coa actuación do cantautor Manuele de Felisa

12.30 h: Agasallo aos participantes

13.45 h: Feche do Centro Socio-Cultural para xantar.

16.30 h: Presentación do libro de poesías de Rosalía Morlán Vieites, "NAS RÚAS DE COMPOSTELA". Intervirán na mesa de presentación, Rosalía Morlán, Valentín García (Secretario de Política Lingüística), Armando Requeixo (investigador e crítico literario), Luis Reimóndez e Carlos Delgado.

Haberá unha lectura de poemas a cargo de Irina García Caeiro e o grupo Palabras Vivas e a actuación do Coro de Habaneras "Rocha Forte" interpretando a poesía "Romántica Flor da camelia", dirixido por Sebastián Fernández Tapia.

20.00 h: Feche do Centro Socio-Cultural.

DOMINGO | SUNDAY

10.00 h: Apertura da Exposición

13.00 h: Clausura da Exposición

Horario | Open to the public: SÁBADO | SATURDAY: 12.00-20.00 h / DOMINGO / SUNDAY: 10.00-13.00 h

VOAXA E CARMÍN

EME2 EMOCIÓN&ARTE

8, 9, 10 e 11 FEB
Teatro Principal
20.30 h

10 euros
Descontos
habituais
do 50%

Texto: Esther F. Carredegas
Dirección: Xavier Castiñeira
Intérpretes: Mabel Rivera e Belén Constenla

Maruxa e Coralia saen da casa, como cada día, maquilladas até a extenuación e vestidas a toda cor dispostas a dar o seu habitual paseo das dúas polas rúas de Compostela. Todo parece transcorrer sen cambio algún. Porén, hoxe non vai ser un día coma os outros: Coralia empurra a Maruxa a escapar das súas rutinas, tentando cumprir os seus soños. Arrancará así unha viaxe que abrirá feridas de guerra que volverán doer coma o primeiro día.

Maruxa y Coralia salen de casa, como cada día, maquilladas hasta la extenuación y vestidas a todo color dispuestas a dar su habitual paseo de las dos por las calles de Compostela. Todo parece transcurrir sin cambio alguno. Sin embargo, hoy no va a ser un día como los demás: Coralia empuja a Maruxa a escapar de sus rutinas, intentando cumplir sus sueños. Arrancará así un viaje que abrirá heridas de guerra que dolerán como el primer día.

Maruxa and Coralia leave the house, as every day, done up to exhaustion and colorfully dressed, ready to take their usual two o'clock walk through the streets of Compostela. Everything seems to go as always. However, today is not going to be an ordinary day: Coralia pushes Maruxa to escape their routines, trying to fulfill their dreams. This will start a journey that will open war wounds that will hurt like the first day.

ESTADO DE GRAZA

TEATRO DO NOROESTE

16, 17, 18 e 19 FEB
Teatro Principal
20.30 h

10 euros
Descontos
habituais
do 50%

Texto e dirección:
Eduardo Alonso
Intérpretes: Luma
Gómez, Imma António,
Manuela Varela



No ano da morte de Franco, unha muller regresa, coa súa filla autista, a súa casa natal despois de pasar catorce anos sen dar sinais de vida. Prodúcese alí un duro enfrontamento entre unha xeración dominada pola beatería máis contumaz e a seguinte coa liberdade por bandeira. No momento histórico en que dúas xeracións consecutivas estiveron máis distantes ideoloxicamente, catro mulleres loitan por establecer o seu lugar nun mundo no que a relixión impera en todos os comportamentos humanos.

En el año de la muerte de Franco, una mujer regresa, con su hija autista, a su casa natal después de pasar catorce años sin dar señales de vida. Se produce allí un duro enfrentamiento entre una generación dominada por la beatería más contumaz y la siguiente, con la libertad por bandera. En el momento histórico en que las dos generaciones consecutivas estuvieron más distantes ideológicamente, cuatro mujeres luchan por establecer su lugar en un mundo en el que la religión impera en todos los comportamientos humanos.

In the year of Franco's death, a woman returns with her autistic daughter to her native house after fourteen years without showing signs of life. There is a hard confrontation between a generation dominated by the most stubborn pietism and the next, with freedom as a standard. At the historical moment when the two succeeding generations were more ideologically distant, four women struggle to establish their place in a world in which religion reigns in all human behavior.

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de martes-sábado (+ días de evento), 18.00-21.00 h / entradas.abanca.com e 902 434 443 + Descontos do 50% para os seguintes colectivos: desempregados, maiores de 65 anos, xubilados, menores de 25 anos, estudantes, familias monoparentais, familias numerosas, perceptores de rendas sociais



ABE RÁBADE TRÍO

15 FEB
Teatro Principal
20.30 h

10 euros
Descontos
habituais
do 50%

Concerto presentación de "Once", o novo traballo do pianista Abe Rábade, editado por Nuba+Karonte. Gravado en formato trío xunto a Pablo Martín no contrabaixo e Bruno Pedroso á batería, o álbum destila variedade estilística e viaxa nun triángulo formado polo expresivo, o íntimo e o espontáneo.

Algunhas pezas do repertorio teñen un carácter experimental, outras unha abordaxe rítmica no seu senso máis matemático, ou na súa dimensión máis tribal ou "groovy". Destaca no traballo unha fonda homenaxe a Paco de Lucía.

Concierto presentación de "Once", el nuevo trabajo del pianista Abe Rábade, editado por Nuba+Karonte. Grabado en formato trío junto a Pablo Martín al contrabajo y Bruno Pedroso a la batería, el álbum destila variedad estilística y viaja en un triángulo formado por lo expresivo, lo íntimo y lo espontáneo.

Algunas piezas del repertorio tienen un carácter experimental, otras un abordaje rítmico en su sentido más matemático o en su dimensión más tribal o "groovy". Destaca en el trabajo un profundo homenaje a Paco de Lucía.

Presentation concert of "Once", the new work of the pianist Abe Rábade, edited by Nuba + Karonte. Recorded in trio format with Pablo Martín on bass and Bruno Pedroso on drums, the album reveals a variety of styles travelling along a triangle formed by the expressive, the intimate and the spontaneous.

Some pieces of the repertoire have an experimental character, others a rhythmic approach in its more mathematical sense or in its more tribal or "groovy" dimension. A profound homage to Paco de Lucía stands out in the work.

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de mar.-sáb. (+ días de evento), 18.00-21.00 h / entradas.abanca.com / 902 434 443

Gabriela Montero

CICLO DE PIANO
ÁNGEL BRAGE

17 FEB
Auditorio de Galicia
20.30 h

12 euros
Descontos
habituais
do 50%



©Shelley Mosman

«A interpretación de Montero ten de todo: crepitante brío rítmico, sutís matices, o poder do aceiro nos momentos culminantes, o lirismo sentimental nas pasaxes reiterativas e, o mellor de todo, a expresividade sentimental.»

The New York Times

“La interpretación de Montero tiene de todo: crepitante brío rítmico, sutiles matices, el poder del acero en los momentos culminantes, el lirismo sentimental en los pasajes reitarativos, y lo mejor de todo, la expresividad sentimental”.

The New York Times

“Montero’s interpretation has a bit of everything: rhythmic spur, subtle nuances, the power of steel at culminating moments, sentimental lyricism in reitaractive passages, and best of all, sentimental expressiveness.”

The New York Times

PROGRAMA | PROGRAMME

F. Schubert - 4 Impromptus op. 90

R. Schumann - Carnaval op. 9

G. Montero - Improvisacións sobre temas dados polo público

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de mar.-sáb. (+ días de evento), 18.00-21.00 h / Auditorio de Galicia desde as 18.00h (día de evento) / entradas.abanca.com / 902 434 443

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA



3 FEBREIRO

Festas Barrio de Sar

Casiano Mouriño Maquieira (Director)

13:00 h | Praza da Colexiata de Sar

5 FEBREIRO

A Música folclórica na Banda

Casiano Mouriño Maquieira (Director)

12:00 h | Teatro Principal

9 E 10 FEBREIRO

Concerto didáctico

BMSC & Viravolta Títeres

“West Side Story”

Pilar Álvarez, Anxo García, Xulio Balado (Titiriteiros)

Casiano Mouriño Maquieira (Director)

11:00 h | Sala Mozart (Auditorio de Galicia)

19 FEBREIRO

Wagner & Bernstein

Casiano Mouriño Maquieira (Director)

12:00 h | Salón Teatro

26 FEBREIRO

A guerra do golfo (Tormenta do deserto)

Casiano Mouriño Maquieira (Director)

12:00 h | Teatro Principal

Entrada libre | Concerto didáctico gratuito e en colaboración cos centros de ensino previa reserva

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



Joan Enric Lluna, director e clarinete

©Jordi Vicent

PROGRAMA DE ABONO

2 FEBREIRO

Michal Nesterowicz (Director)

PROGRAMA | PROGRAMME

M. Ravel - Pavana para unha infanta defunta

J. Sibelius - Pelléas et Mélisande, suite para orquestra op. 46

G. Faure - Pelléas et Mélisande, suite op. 80

J. Sibelius - Sinfonía núm. 3 en Do maior op. 52

20.30 h | Auditorio de Galicia | 12 €

9 FEBREIRO

Joan Enric Lluna (Director e clarinete)

PROGRAMA | PROGRAMME

C. M. von Weber - Concertino para clarinete e orquestra en Mi bemol maior op. 26

I. Zebeljan - Concierto para clarinete y orquesta (Estrea absoluta)

A. Dvorak - Sinfonía núm. 8 en Sol maior op. 88

As 19.45 h | Conversando con Joan Enric Lluna

20.30 h | Auditorio de Galicia | 12 €

10 FEBREIRO

Descubre unha orquestra para ti, a túa!

Joan Enric Lluna (Director e clarinete)

Concerto familiar | Concierto familiar | Concert for families

18.30 h | Auditorio de Galicia | 5 € coa entrada mercada, os menores de 14 anos disporán de 2 entradas de balde

23 FEBREIRO

Paul Daniel (Director)

PROGRAMA | PROGRAMME

G. Gershwin Catfish Row - Suite sinfónica de Porgy and Bess

D. Schnyder - Concerto para frauta, percusión e cordas (Estrea en España)

A. Dvorak - Sinfonía núm. 9 op. 95 Do Novo Mundo

As 19.45 h | Conversando con Paul Daniel, Laurent, Blaiteau e José Vicente Faus

20.30 h | Auditorio de Galicia | 12 €

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de mar.-sáb. (+ días de evento), 18.00-21.00 h / Auditorio de Galicia desde as 18.00 h (día de evento) / entradas.abanca.com / 902 434 443

Coñece máis sobre o programa didáctico dirixido aos escolares

A concellaría de Acción Cultural pon en marcha un programa didáctico, cun total de 25.605 prazas, para o curso escolar, destinado á educación en artes escénicas e musicais. Pretende así artellar un programa didáctico municipal para o público escolar de educación infantil e primaria, ESO e Bacharelato nas disciplinas de música, teatro, monicreques, danza, circo e música.

Para o desenvolvemento deste Programa Didáctico a concellaría de Acción Cultural abre anualmente unha convocatoria para a presentación de propostas (Resolución da convocatoria 2016 - 2017 en: <http://www.compostelacapitalcultural.com/adjuntos/1468486807.pdf>).

Neste mes de febreiro, o alumnado dos centros, gozará do seguinte repertorio de espectáculos.

...

La concejalía de Acción Cultural pone en marcha un programa didáctico para el curso escolar, con un total de 25.605 plazas, destinado a la educación en artes escénicas y musicales. Pretende así articular un programa didáctico municipal para el público escolar de educación infantil y primaria, ESO y Bachillerato en las disciplinas de música, teatro, títeres, danza, circo y música.

Para el desarrollo de este Programa Didáctico la concejalía de Acción Cultural abre anualmente una convocatoria para la presentación de propuestas (Resolución de la convocatoria 2016 - 2017 en: <http://www.compostelacapitalcultural.com/adjuntos/1468486807.pdf>).

En febrero, el alumnado de los centros disfrutará del siguiente repertorio de espectáculos.

...

The Department of Cultural Action launches a didactic programme for the school year, with 25.605 seats, to support the education in performing arts and music. It aims to articulate a municipal didactic programme for the students in primary education, ESO and High School in the disciplines of music, theater, puppets, dance, circus and music.

For the development of this Didactic Program, the Department of Cultural Action opens an annual call for proposals (Call resolution for 2016 - 2017 in: <http://www.compostelacapitalcultural.com/adjuntos/1468486807.pdf>).

In February, the students of the centers will enjoy the following repertoire of shows.



A maxia dos afiadores

Mago Teto

Un espectáculo que xira en torno a unha roda de afiar dos anos 30 herdada polo mago Teto dos seus ancestros. Miles de historias e aventuras doutros tempos puestas en escena coa axuda do ilusionismo.

Un espectáculo que gira en torno a una rueda de afilar de los años 30 heredada por el mago Teto de sus ancestros. Miles de historias y aventuras de otros tiempos puestas en escena con la ayuda del ilusionismo.

A show that revolves around a grinding wheel of the 30's inherited by the magician Teto from his ancestors. Thousands of stories and adventures from other times staged with the help of illusionism.

6 - 7 feb | 10.00/12.00 h | Teatro Principal



West side story

Banda Municipal de Música & Viravolta Títeres

Adaptación para marionetas de West Side Story, do universal tema do amor imposible, impedido pola distinta procedencia, clase social, cultura, raza... dos dous amantes, presente en clásicos como Romeo e Xulieta.

